

RESOLUCIÓN do 6 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e o proxecto de interese autonómico do proxecto de solución de evacuación do parque eólico Serra do Farelo, nos concellos de Agolada e Vila de Cruces, en Pontevedra, e Santiso, na Coruña (expediente IN408A 2020/177). DOG Núm. 89, de 9 de maio de 2022. **Prazo para remitir alegacións: 22/06/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220509/AnuncioG0596-120422-0012_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Solución de evacuación do parque eólico Serra do Farelo	AV Serra do Farelo, S.L.	Agolada e Vila de Cruces (Pontevedra) e Santiso (A Coruña)	<p>Obxecto: evacuar a enerxía eléctrica xerada polo parque eólico de Serra do Farelo, así como outras instalacións de xeración da zona, desde a subestación (SET) do PE Serra do Farelo ata a subestación (SET) de Portodemouros.</p> <p>Alcance: as instalacións que comprenden o proxecto son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Subestación (SET) colectora Agoar. 2. Liña de alta tensión 132 kV Serra do Farelo-SET colectora Agoar. 3. Liña de alta tensión 220 kV de interconexión coa LAT 220 kV Monte Carrio-Portodemouros. <p>Características técnicas recollidas no proxecto:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. SET colectora Agoar: A SET colectora Agoar está composta por aparelaxe para funcionamento en 2 niveis de tensión (220 e 132 kV), con configuración simple barra en todos os niveis. A aparelaxe de 220 kV situarase no parque de intemperie e será de tecnoloxía convencional (AIS) e a de 132 kV será de tecnoloxía encapsulada híbrida de exterior (HIS). Estará composta dos seguintes elementos: • Dúas posicións de liña de 220 kV cos equipos necesarios de protección e medida exixidos pola compañía distribuidora. • Unha posición de transformador de potencia de 220 kV. • Un módulo de embarrado con medida de tensión en 220 kV. • Unha posición de liña de 132 kV cos equipos necesarios de protección e medida exixidos pola compañía distribuidora. • Unha posición de transformador de potencia de 132 kV. • Un módulo de embarrado con medida de tensión en 132 kV. • Un transformador de 180/200 MVA ONAN/ONAF, de relación de transformación 220/132 kV e regulación en carga. 2. Liña de alta tensión 132 kV Serra do Farelo-SET colectora Agoar: <p>A liña eléctrica discorrerá desde a SET do parque eólico de Serra do Farelo ata a SET colectora Agoar. Consta de dous tramos:</p>

			<p>– Tramo aéreo a 132 kV: con orixe na SET do parque eólico de Serra de Farelo, no termo municipal (TM) de Agolada, e final no apoio de paso aéreo-subterráneo (PAS) nº 49, no termo municipal (TM) de Vila de Cruces, consistirá nun simple circuíto de condutor tipo LA-455, con cable de protección OPGW-48 e terá unha lonxitude de 21.694,21 m.</p> <p>– Tramo subterráneo a 132 kV: con orixe no apoio PAS nº 49 (TM de Vila de Cruces) e final na SET colectora Agoar 132/220 kV (TM de Vila de Cruces), consistirá nun simple circuíto de condutor tipo RHZ1-RA+OL 76/132 kV 1X800KAI+H120 e lonxitude 1.602,117 m.</p> <p>3. Liña de alta tensión 220 kV de interconexión coa LAT 220 kV Monte Carrio-Portodemouros:</p> <p>A liña eléctrica conectará a SET colectora Agoar coa liña de alta tensión de 220 kV Monte Carrio-Portodemouros, á cal se lle engadirá un apoio de entroncamento. A configuración do tramo aéreo será de dobre circuíto en bandeira con condutor LA-455 e cable de garda OPGW 48 FO. A lonxitude do trazado aéreo será de 84 m.</p>
--	--	--	--

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico.